


# MISIÓN COMERCIAL INVERSA DINAMARCA

GALICIA  
15-17 MAIO 2018



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



## A misión comercial inversa

O Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA), no programa de accións Meet the buyer, está a organizar unha misión inversa, entre os días 15 a 17 de maio, coa visita a Galicia de tres importadores e distribuidores de viños en Dinamarca.

A finalidade do programa desenvolto polo clúster é a promoción no mercado danés dos viños galegos, así como reforzar a súa presenza no mercado a través dos importadores convidados. O obxectivo final é fomentar o establecemento de relacións comerciais entre as empresas produtoras galegas e os diferentes actores do país.

O esquema destes encontros consiste na organización de visitas ás bodegas das empresas inscritas e de encontros en Santiago de Compostela entre as empresas e os importadores participantes.

## O mercado danés

Dinamarca é un país estable política e socialmente, con unha das rendas per cápita máis altas do mundo (48.870€/habitante). No 2017 rexistrou un crecemento no PIB do 2,1%, o que representa un lixeiro incremento respecto ao 2,0% rexistrado en 2016. O sector exterior presenta un considerable grado de apertura: as exportacións de bens incrementáronse un 5,6% en 2017 ata os 89.865 millóns de euros e as importacións, cun importe de 81.569 millóns de euros aumentaron un 6,1% respecto ao ano anterior.

Pese a ser un país de tan só 5,6 millóns de habitantes, é un mercado interesante para o viño xa que o consumo per cápita en 2016 situouse en 35 litros. Ademais ao ser moi escasa a produción local, practicamente todo o viño consumido é importado, sendo as importacións no ano 2017 un total de 184,9 millóns de litros.

España é o cuarto exportador de viño en termos de valor en Dinamarca. O viño español é percibido polo consumidor danés coma un viño de gama media, coa excepción de algunhas marcas consideradas de gama alta. Os consumidores daneses mostran preferencia polo viño tinto, que ocupa unha cuota de mercado de aproximadamente o 66% en valor e 57% en volumen.

O volumen de exportacións de alimentación e bebidas de Galicia a Dinamarca aumentou durante os últimos anos. No 2017 exportáronse cerca de 8.000.000 de euros (un 32% máis respecto ao 2016), dos cales un 3,17% foron bebidas, cerca de 250.000 euros.



## Máis información e condicións de inscrición

A misión desenvolverase os días **15 e 16 de maio**.

A participación nestes encontros inclúe unha **axenda personalizada** dunha ou varias entrevistas, encontros ou visitas, así como a difusión do perfil da súa empresa entre os compradores participantes, mediante o directorio de empresas participantes que se facilitará aos compradores convidados.

**Modalidades:** visita a bodegas en Galicia, encontros e entrevistas en Santiago de Compostela

O **custe de participación** das empresas asociadas ao CLUSAGA é de 375 € mais IVE, cun suplemento da visita de 250 € máis IVE.

O custe de participación é susceptible de aplicar, unha vez descontados os gastos de xestión, un **reintegro máximo estimado do 50%** suxeito as condicións de participación de empresas galegas requiridas na subvención do Instituto Galego de Promoción Económica IGAPE do Programa Galicia Exporta Organismos Intermedios ao Clúster Alimentario de Galicia.

Para **inscrición** ou calquera aclaración ou información adicional, poden contactar co CLUSAGA en [international@clusaga.org](mailto:international@clusaga.org) ou no teléfono 629 991 023. O prazo de pre-inscrición é limitado ata o día **13 de abril**.



Fondo Europeo de  
Desenvolvemento  
Rexional  
"Unha maneira de  
facer Europa"

